



## Acelase traballadora galega fronte á crise económica

Os dirixentes sindicais teñen que pasar á ofensiva

### Como defendernos dos ataques patronais que se aveciñan

**A** recesión chama ás portas, tamén en Galiza. A patronal prepárase para pasar as facturas da crise ós traballadores e traballadoras. A Xunta amósase moi receptiva ante as demandas dos empresarios. Os dirixentes sindicais non moven ficha de cara a defender os empregos e as condicións laborais. Que pode facer o movemento obreiro fronte a esta seria ameaza?

Tódolos indicadores económicos de Galiza mostran un moi acelerado deterioro: o consumo, a inversión produtiva, as exportacións, os visados de nova vivenda, a produción industrial... Cada día aparecen novos datos que certifican que a economía estatal e galega diríxense con rapidez cara a unha profunda e moi posiblemente duradeira recesión económica.

Tras unha “década prodixiosa” para a patronal, onde os beneficios das principais empresas do país alcanzaron niveis astronómicos e os traballadores perderon poder adquisitivo, a festa acaba e empeza a ofensiva contra a clase obreira.

A patronal teno claro: a crise ten que pagala a clase traballadora: directiva europea das 60 horas, esixencia de atrasar a idade de xubilación, moderación salarial, transvase de fondos públicos ós petos dos empresarios en forma de axudas e exención de impostos, etc.

#### A nosas condicións de vida e a ofensiva empresarial

Fronte á propaganda burguesa, que afirma que cando as empresas van ben, os traballadores tamén van ben, érguese a realidade. Ás grandes empresas galegas foilles realmente ben nestes anos. Citroën e Inditex bateron records, as eléctricas tiveron uns beneficios do 90% algúns anos, o Banco Gallego aumentou as súas gañanzas nun 73% en 2006...

E sen embargo, a clase traballadora non obtivo nin as migallas deste festín. É máis: houbo anos onde se perdeu poder adquisitivo (-2% en 2005).

A realidade segue a ser a dos mozos que emigran, as longuísimas xornadas de traballo, os accidentes laborais, os incumprimentos dos convenios, os baixos salarios e a carestía da vida.

Galiza ten os segundos salarios mais baixos do estado (*La Voz de Galicia*, 21/9/2007) e o 25% das familias ingresan menos de 1.000 euros ó mes (*Instituto Galego de Estatística*)

E é neste contexto cando imos entrar en recesión.

Que a patronal pretenda manter as súas gañanzas a nosa costa non é algo sorprendente. O que xa é máis alarmante é a enorme receptividade que a súas “receitas” encontran no Goberno central e na Xunta.

Ás “medidas anticrise” elaboradas polo goberno central e que supoñen ata-

ques contra os traballadores e subvencións ós empresarios, uníuselles recentemente o paquete de medidas da Xunta de Galiza: o chamado “Acordo pola competitividade de Galicia” asinado pola Xunta, CC.OO, UXT e a patronal. Estas medidas non fan se non afondar na estratexia do Goberno central e a patronal.

“Las acciones específicas orientadas al apoyo de las empresas, (...) se dotarán con 1.295 millones” (...) “El texto se compromete expresamente a ayudar a las empresas con problemas de liquidez o financiación.” [*El País*, suplemento Galicia, 8/7/2008]

Nada menos que 1.295 millóns de euros, dos impostos dos traballadores, que irán directos ós petos dos grandes empresarios!! Por suposto, as receitas non son as mesmas cando somos os traballadores os que temos “problemas de liquidez” moi graves que literalmente nos impiden chegar a fin de mes.

E aínda hai máis:

“A las conocidas recetas de la Xunta contra la recesión, el conselleiro de Economía sumó ayer otra: moderación salarial(...) El conselleiro alertó del “repunte de los costes salariales”, por lo que abogó por ligar la subida de los sueldos “al incremento de la productividad” (*El País*, sección Galicia, 26/6/2008)

O Conselleiro colle con ámbalas dúas mans unha reivindicación tradicional da patronal, amosando a gran sintonía entre a Xunta e a burguesía.

O asunto é evidente: a patronal e o Goberno central e autonómico tentarán atacar os salarios, o subsidio de desemprego (para garantir a “flexibilidade” laboral) e as pensións.

Pero ademais, nun contexto de crise, os ingresos do estado e da Xunta redúcense enormemente. Se a isto lle sumamos as axudas mil-millonarias ós empresarios, as rebaixas de impostos (como a redución do imposto de sociedades e o de sucesións) é evidente que por algún lado van recortar cartos, e que o recorte será no gasto social.

#### Os Sindicatos

Ante esta situación, os dirixentes sindicais de CC.OO, UXT e a CIG deberían de estar preparando á clase traballadora para unha loita moi seria en defensa dos postos de traballo e, cando menos, en defensa do poder adquisitivo da clase obreira e das conquistas que aínda non nos arrincou a patronal. Lamentablemente, ata o de agora, os dirixentes sindicais non pasan do terreo das declaracións.

No caso da dirección de CC.OO e UXT, de forma vergoñosa asinaron o citado “Acordo pola competitividade”, en liña co apoio dado a outras medidas antiobreiras estatais como foron o recorte das pensións, do subsidio de desemprego e a moderación salarial.

VÉN DA PORTADA

No caso da CIG, correctamente negouse a asinar o acordo galego, sinalando acertadamente que é un plan para subvencionar ós empresarios, e tamén se ten oposto ós Acordos para a Negociación Colectiva (que establecen a moderación salarial). Máis isto é totalmente insuficiente. A CIG ten que empezar a organizar xa unha ampla campaña para mobilizar masivamente á clase traballadora e a xuventude para deixar ben claro á Xunta e ós empresarios que non se vai tolerar ningún ataque. Nesta campaña, é fundamental o programa e a táctica. Toda a experiencia do sindicalismo supostamente realista, baseado “no posible” baixo o capitalismo, revelouose como un fracaso estrepitoso, que só serviu para envalentonar á patronal e para que os traballadores retrocedamos nas nosas condicións constantemente. Agora a cuestión é a seguinte: pódese defender ós traballadores de forma eficaz asumindo o funcionamento do capitalismo en plena crise? Non. Se se acepta a dinámica do capitalismo, calquera sindicalismo, incluso o máis combativo, entrará en contradicións insolubles.

Doutra banda, unha loita tan seria como a que os traballadores nos imos enfrentar require unha participación masiva de todos os traballadores, en Galicia e no resto do Estado. De aí a necesidade dunha táctica que obrigue a romper coa resistencia das direccións sindicais de CCOO e UXT a mobilizar. Un chamamento sincero e compañeiro por parte de la dirección de CIG á base dos outros sindicatos para loitar por un programa combativo y revolucionario poñería en moitas máis dificultades ás direccións de CCOO e UXT. Por suposto, os dirixentes de CCOO e UXT precisan de poucas excusas para non loitar, pero a dirección da CIG, criminalizando ós afiliados de CCOO e UXT, achandou o camiño a estes.

### Auxe folguísitico en Galiza

Nos últimos anos, Galiza vive un profundo auxe folguísitico, que é a translación ó terreo sindical do profundo xiro á esquerda iniciado no país dende 2001.

As cifras son impresionantes. **En 2006, último ano do que hai datos publicados polo I.G.E., o número de**

### horas perdidas en folgas superou ás perdidas en 2001, malia que en 2001 aconteceu a folga xeral galega!

Tras anos de sufrir abusos e malas condicións laborais, precariedade e xornadas interminables, os traballadores galegos teñen pasado á ofensiva.

E 2007, malia non ter datos, foi aínda máis intenso que 2006. Folga no naval, na construción, no Sergas, no ensino, na limpeza, telemarketing, correos... ata os veterinarios da Xunta foron á folga.

A patronal é moi consciente de isto: Fontenla, presidente da patronal galega “Añadió que a lo largo del último año ha habido un “importante repunte” de la conflictividad laboral en Galicia que “ha puesto en peligro el clima de paz social arraigado en los últimos años.” (El País, sección Galicia. 25/6/ 2008)

**Os ataques que proxecta a patronal vanse encontrar cunha moi forte resistencia por parte dunha clase obreira moi mobilizada, afoxada polos baixos salarios e que se sente forte grazas ás victorias parciais dos últimos anos.**

### Fai falta unha política sindical anticapitalista!

A clase obreira galega e a do conxunto do estado, van estar á altura. Como teñen feito ata o de agora, responderán unanimemente a calquera chamamento serio que lles fagan os seus dirixentes. Do que tampouco poden caber dúbidas é de que os traballadores farán o posible e o imposible por forzar ós seus dirixentes a loitar. Tampouco aceptarán docilmente a firma dun acordo que non sexa positivo, como os traballadores do metal da provincia de Pontevedra lle deixaron claro ós seus dirixentes da CIG durante as impresionantes xornadas de maio de 2006



A combatividade da clase está fora de dúbida. O que non está tan claro será a actitude dos dirixentes sindicais de CCOO, UXT e a CIG.


E o problema é que, con ser fundamental, non basta coa honestidade e a combatividade persoal. Se os dirixentes sindicais non se dotan dun programa anticapitalista, dun xenuíno programa marxista, as presións ideolóxicas da burguesía terminarán prendendo neles. E máis nun contexto de crise, onde os “pobres” emprendedores ensinarán as súas “mermadas” contas de resultados ós sindicalistas e lles farán ver o “razoable” das súas demandas de algúns despidos e moderación salarial, “dada a situación de crise” e que se trata de medidas para “garantir a continuidade da empresa” e non ter que pechar, e dirán que tan só son medidas temporais que se reverterán cando a situación mellore... A cantinela de sempre.

Fronte a isto, os dirixentes sindicais teñen que esixir que non se dea un euro ós empresarios, que non se acepte ningún despido nin retroceso nas condicións de traballo, que calquera empresa que peche sexa nacionalizada sen indemnización e posta a funcionar baixo o control dos propios traballadores.

Pero hai máis. Os dous principais motores económicos de Galiza son Inditex e Citroën, que se fixeron de ouro nestes anos. Dende logo, que toda a capacidade económica dun país estea en mans privadas é unha auténtica espada de damocles. O dominio dos monopolios e da Banca sobre a vida das persoas é unha realidade internacional. Por iso, calquera programa de auténticas reformas, mellores sociais e investimento público é completamente imposible sen o control efectivo destes recursos por parte da clase traballadora. Para iso, é necesaria a nacionalización das pancas fundamentais da economía baixo control obreiro, e como o carácter internacional da crise actual puxo outra vez en evidencia, unha política destas características, que persiga superar o capitalismo, non pode quedar confinada nas fronteiras galegas. Un programa anticapitalista e de transformación revolucionaria da sociedade é internacionalista ou non é nada, de aí a importancia da unidade entre a clase obreira galega e a estatal e do todo o mundo. Existe un proceso mundial de loita contra o capitalismo, no que a revolución venezolana se sitúa no punto máis avanzado. O triunfo definitivo dos traballadores venezolanos sería un pulo tremendo á revolución mundial.

Non temos dúbida de que se os partidos e sindicatos da esquerda explicasen este programa, contarían co apoio entusiasta da clase traballadora e a mocidade. Pero a loita por este programa no seo das organizacións da esquerda, non se pode facer a título individual, se non de forma organizada. Únete á Corrente Marxista Internacional O Militante para loitar por este programa!

Xornadas non traballadas en Galiza, 1996-2006



José Rico

Traballador de Navantia-Ferrol

**L**ogo de que, en febreiro-marzo, o Comité de Empresa desaproveitase a botadura do megabuque Juan Carlos I perante o propio monarca para presionar a favor do convenio, a empresa mostrou o seu “agradecemento” entregando a súa proposta, que é un auténtico insulto: un incremento salarial ridículo, unha nova clasificación do persoal sen ter en conta a situación actual de cada traballador, que a antigüidade sexa un criterio secundario nos ascensos, control policial no posto de traballo, avances na flexibilidade da xornada e na mobilidade xeográfica, potenciación dos visitantes médicos para perseguir ós doentes, restricción de licencias, dobre escala salarial para os novos ingresos...

En poucas palabras, a proposta empresarial significaría a liquidación de tódalas conquistas sociais das últimas tres décadas e demostra ata que punto a empresa —e polo tanto o goberno, xa que é unha empresa públi-

## Convenio de Navantia Necesitamos firmeza sindical

ca— está á ofensiva, ofensiva que non se deriva tanto da súa fortaleza como da debilidade sindical porque, como é ben sabido, a debilidade invita á agresión.

### ¿Cambio de rumbo na estratexia sindical?

Logo de varias xuntanzas coa empresa sen resultados, o 3 de xullo o Comité Intercentros sacou un comunicado que é un paso adiante respecto á dinámica da negociación colectiva durante a primeira metade deste ano. Parece que os comités das distintas factorías empezan a entender a situación á que nos enfrontamos, pero dicimos só que “parece” por dúas razóns:

1) Porque sería positivo que a belixerancia que anuncia ese comunicado (assembleas en tódolos centros de traballo, paros de dúas horas o 11 de setembro...) se empece a concretar nunha ac-

titude firme perante as continuas decisións unilaterais que toma a empresa: acoso ós compañeiros en situación de baixa médica, interpretación restrictiva de licenzas retribuídas, etc.

2) Porque o comunicado contén unha frase que evidencia que aínda non o entenderon do todo. En concreto, unha referida ás medidas do calendario de mobilizacións: “Valoración da posta en marcha de medidas de non colaboración sobre a produción á volta das vacacións”. ¿Cómo que valoración? ¿E que aínda non está claro que sen cortar calquera colaboración coa empresa é imposible abordar en condicións a negociación dun convenio? Xa sabemos que actualmente a chave da produción a teñen os compañeiros das empresas auxiliares, que son maioría, pero a razón para cortar as horas extras é principalmente sindical. ¿Alguén se pode imaxinar unha negociación colectiva na

que unha parte dos traballadores perdemos horas pola mañá, outra parte non as perde porque as recupera pola tarde e outra parte traballa toda a mañá e ademais fai horas extras pola tarde? É sindicalmente imposible abordar así unha negociación colectiva porque desmoralizaría ós traballadores máis comprometidos co convenio. O convenio é para todos e as condicións teñen que ser iguais para todos. Calquera outra opción é un erro sindical. Por iso hai que cortar tódalas horas extras sen excepción.

Só hai unha alternativa para defender as nosas condicións laborais e impedir os plans que a empresa está aplicando pouco a pouco pola vía dos feitos consumados: unha actitude firme dos traballadores, empezando polo Comité de Empresa, e un sindicalismo combativo que non se resigne ante a realidade, senón que loite por cambiala.

# Os Planos de Boloña e as loitas na USC

**Nos últimos anos estamos asistindo a unha ofensiva brutal por parte da burguesía contra os gastos sociais e os dereitos dos traballadores, recortes en educación, sanidade pública, precarización do traballo, privatizacións, etc. Tódalas conquistas sociais acadadas polo movemento obreiro están a ser desmanteladas. Acaban de aprobar a ampliación da xornada laboral a 65 horas, que só**

**deixará tempo para durmir e comer, voltando ó século XIX. Neste marco encadramos Boloña, que se suma a lista de ataques contra a educación pública e que ten un único fin: deixar ós fillos dos traballadores fóra da universidade para convertelos en carne de explotación no mercado laboral, regalando a universidade pública ás grandes empresas e bancos.**

**Ánxel Testas**  
Sindicato de Estudantes

## Que é Boloña?

Que moitos fillos de traballadores poidamos acceder á educación superior é unha das maiores conquistas do movemento obreiro. Agora teñen un plan para quitárnola. Esta é a verdadeira faciana do capitalismo, un sistema no que os que cargamos no lombo cos pratos rotos somos as familias traballadoras. Píntanos Boloña como unha apertura cara Europa, equiparar os títulos para que poidamos estudar en Compostela, Edimburgo ou Nápoles, mais o seu obxectivo é ben distinto. A aplicación de Boloña supón transformar as actuais licenciaturas de 5 anos en dúas partes, un grao de carácter máis xeral (o cal obrígate a cursar o posgrao se queres ter un posto de traballo digno) e un posgrao ou máster. O problema disto é que supón un filtro económico, porque non todos poderemos acceder a eles dado o seu desorbitado prezo: xa se anuncian másters públicos de 3.500 euros a matrícula. Tamén suporá a diferenciación de universidades de primeiro e segundo nivel, segundo sexan os máster que ofrezan (os máis prestixiosos serán os máis caros). Aínda por riba, nos másters as becas substituíranse por créditos bancarios, o que supón uns beneficios brutais para os banqueiros e rematar a carreira...debedo cartos ó banco! Outro punto son os créditos ECTS, que aparte de cuantificar as horas de clase, cuantificará tamén horas de estudo na casa (as cales haberá que pagar!) impóndolles ós estudantes xornadas de 8 horas, deixando fóra ós estudantes que traballan para pagar os estudos (o 25% do censo actual). Ademais deixa a porta aberta á suba de taxas (xa escandalosa agora) e poderemos traballar de balde un ano en prácticas en empresas sen recibir a formación prometida. Separan o ensino universitario do resto, achegándonos ás empresas (a nova ministra de Ciencia e Innovación, o cal controla a universidade,

foi membro da dirección da CEOE). Á burguesía sóbralle licenciados, á gran maioría da sociedade, non. Precisamos médicos para acabar coas longas listas de espera na sanidade, filólogos, historiadores, arquitectos que axuden ó progreso social e material. Non queren seguir tirando cartos en preparar xente que non lles fai falta, queren adecuar a universidade ó precario mercado laboral, forza laboral barata, iso si, os seus fillos terán asegurados suculentos postos nas direccións das empresas porque eles si poderán pagar eses prezos. A Xunta e o goberno central, no poder grazas ós votos de milleiros de traballadores fartos da dereita, non están a facer absolutamente nada. Ós "patroncitos" válelles con que saibamos ler e escribir, non vaia ser que empecemos a pedir cousas. O Plan Boloña é unha consecuencia directa do funcionamento do capitalismo.

## Boloña na USC

Este ano en Compostela houbo dúas loitas contra Boloña: en Ciencias Políticas e as Asembleas. A principios de curso, en Historia, tivo lugar a primeira asemblea coa participación de centos de estudantes, que reflectía o ambiente favorable á mobilización entre o estudantado. Despois de dúas asembleas saíu unha data para unha asemblea de toda a USC na que de novo houbo unha afluencia masiva. As asembleas son os órganos máis democráticos de expresión do estudantado, que serven para poñer en común os puntos de vista e tomar decisións cun obxectivo concreto, e isto é o que non entendía a dirección das asembleas que levou tódalas asembleas a converterse en discusións interminables (algunhas de case 4 horas) sobre puntos totalmente secundarios (creación dunha lista de e-mails, se estaba autorizado gravar as asembleas en vídeo, se para a próxima asemblea mercabamos bocadillos) aprazando as mobilizacións asemblea tras asemblea. A xente non po-

de asistir a asembleas eternas sen ter un obxectivo concreto, precisamos estudar, traballar, tempo de lecer. A asistencia ás asembleas caeu drasticamente e cando saíu unha data de mobilización (tarde e sen convocar folga), resultou un fracaso. A disposición a loitar é coma o vapor, se o metes nun pistón que canalice a súa forza é unha ferramenta moi valiosa, polo contrario, se o deixas estar, o vapor pérdese. Dende o Sindicato de Estudantes, dende a primeira asemblea propuxemos xa a convocatoria dun calendario de mobilizacións cun simple e claro obxectivo: Non a Boloña. Tamén considerabamos necesaria a unificación e extensión da folga, é importante golpear todos xuntos para sermos máis fortes, facer piquetes informativos no resto das facultades e campus para dar a coñecer a loita e sumar máis xente, pois a loita é a mesma. Lamentablemente, a falta dun obxectivo claro e de mobilizacións inmediatas levaron o fracaso das asembleas.



Despois estoupou a loita en Ciencias Políticas, na que a decana e os seus lacaios, dun xeito caciquil, fixeron (en 6 horas!) o novo plano de estudos (dentro de Boloña) e conseguiron aprobalo. Contou cunha grande oposición do estudantado, que decidiu ir á folga indefinida, onde volveu demostrar a súa combatividade

asistindo en gran número as asembleas e piquetes malia a proximidade dos exames. O SE volveu recalcar a importancia de estender a folga ó resto da USC (Matemáticas e Psicoloxía tamén sufrirán Boloña o vindeiro curso) e a necesidade de esixirle ás direccións de CIG, UXT e CC.OO. apoio total ás mobilizacións, repartos en polígonos industriais, mercados, envíos de resolucións por parte dos comités de empresa, etc. Tamén hai que falar do negativo papel xogado pola dirección dos CAF, a organización maioritaria na USC, condición que gañou grazas o seu pasado combativo. Máis agora a súa dirección estase moderando, malia ter militantes moi combativos e honrados. CAF non se enfrontou a Boloña, que como condición de organización maioritaria é a súa obriga, limitándose a esixir a equiparación do prezo dos máster á dos graos, o que supón a aceptación desta contrarreforma. Facemos un chamamento á militancia dos CAF para que esixan á súa dirección a volta a unha política combativa.

## Folga estudantil en outubro

Malia que ate ó de agora todo foron derrotas, aínda non se perdeu a guerra. Por todo o Estado Boloña está tendo resposta: Euskal Herria, Madrid, Sevilla, etc. Boloña é unha máis das loitas a prol da educación pública que se están a dar:

folga en Catalunya contra a LEC, loitas en Madrid contra a privatización da educación pública por parte da dereita, aquí na Galiza mobilizacións contra o Decreto de bacharelato que pretende suprimir horas de historia, filosofía e educación física en favor de relixión. Dende o SE pensamos que é necesario unificar todas estas loitas para golpear con máis forza e que non se evaporen, porque son todas a mesma loita: a dos fillos da clase traballadora por unha educación digna. Por iso, a finais do pasado mes de xuño convocamos a tódalas organizacións de clase, sindicatos e organizacións estudantis do Estado a unha xuntanza, na que se decidiu unha convocatoria de **folga xeral de todo ensino para outubro**. Invitamos de novo a tódalas organizacións a tomar parte desta convocatoria e a loitar todos xuntos, esixíndolle tanto á Xunta coma ó goberno central que se tanto din ser de esquerdas, que fagan unha política de esquerdas. Din que non hai cartos. Si que os hai: os teñen os banqueiros e os grandes empresarios.

**Xaquín Pastoriza**  
CIG - Ensino (Vigo)

## Non ó Decreto de Bacharelato A mobilización ten que parar os ataques ó ensino público

O pasado 30 de xuño entrou en vigor o novo decreto de Bacharelato que supón a aplicación da LOE (Lei Orgánica de Educación) a esta etapa educativa. Como xa explicamos no seu momento, esta Lei non supón unha aposta por un ensino público laico e de calidade. Pola contra, non garante recursos económicos e humanos suficientes e introduce algúns elementos de segregación entre institutos e alumnado tomados da Lei de Calidade do PP. Agora, a Xunta de Galiza afonda nesta devaluación do ensino público mediante un decreto que contou cunha ampla oposición entre a comunidade educativa. Por unha banda, hai unha reorganización de materias que implica a eliminación dunha hora de Filosofía en 1º de Bacharelato e de Historia en 2º de Ba-

charelato. Unha asignatura de adoutramento que non debería ter cabida no currículo escolar, como é a Relixión, pasa a impartirse en 2º de Bach., curso moi cargado de materia debido á Selectividade. A oposición a estas medidas estoupou na folga do día 29 de abril, apoiada por CIG e STEG, que contou cun seguimento do 75% entre o profesorado afectado e cunha manifestación en Compostela con milleiros de profesores e estudantes. A mobilización provocou que a Consellería de Educación recuase e retirase a redución horaria de Educación Física, pero mantendo o resto do decreto. Desgaciadamente, nin CCOO nin UGT se uniron ás mobiliza-

cións, polo que a división sindical foi aproveitada pola Consellería para sacar adiante o decreto. Está claro que este é só un primeiro paso nos ataques que vai recibir o ensino público nos próximos anos. Así, a crise económica parece que vai ter consecuencias á hora de reducir o gasto educativo. Unha primeira medida é a supresión de prazas docentes (por exemplo, 5 no IES Ricardo Mella, 6 no IES Manoel Antonio, e 2 no IES Álvaro Cunqueiro, en institutos de Vigo). A consecuencia disto é unha merma na calidade do ensino, co aumento da ratio de alumnos por aula a 30, segundo manifestou un inspector educativo da provincia de Pontevedra. Outro ataque que

se está a preparar é o Estatuto da Función Docente, que prevé a aplicación de criterios de rendabilidade nas retribucións, coa creación de distintas escalas salariais entre o profesorado. Imos a asistir probablemente a un outono quente no ensino, cunha mobilización do profesorado que debe ir unida á do estudantado na defensa dun ensino público de calidade. O exemplo das folgas en Madrid do 7 e 21 de Maio e de Cataluña o 14 de Febreiro marcan o camiño. Cómpre crear unha fronte estatal de loita contra a privatización do sistema educativo. A crise provocada polos capitalistas deben pagala os capitalistas, e non os fillos dos traballadores.

No mes de xuño, Alan Woods estivo en Venezuela onde realizou unha xira por todo o país, organizada pola CMR, para presentar o seu último libro: *Reformismo ou Revolución. Marxismo e socialismo do século XXI (unha resposta a Heinz Dieterich)*. Neste libro, Alan expón as ideas do marxismo baseándose nunha crítica ás ideas de Dieterich, quen baixo a pretensión de reinventar o marxismo só encobre as ideas do reformismo en Venezuela, e as de todos aqueles que queren manter a revolución bolivariana dentro dos límites do capitalismo.

Os actos públicos comezaron o 16 de xuño en Maturín, capital do estado de Monagas. O primeiro acto foi unha charla sobre o seu libro *Bolchevismo, o camiño á revolución*, a petición dos militantes do PSUV.

O 17 de xuño Alan presentou o seu último libro ante máis de 200 traballadores de PDVSA tamén en Monagas. Expresou o seu rexeitamento á reunión que mantivo o presidente Chávez o 11 de xuño cos empresarios do país e onde ofreceu aos capitalistas toda unha serie de incentivos á produción, facéndolles un chamamento para que se unisen á construción do socialismo. Alan recordou como, despois do frustrado golpe, os sectores reformistas presionaron a Chávez para que negociase cos capitalistas e estes respostaron co paro patronal de 2003.

## Xira de Alan Woods en Venezuela presentando 'Reformismo o revolución'

No campo petrolero Morichal, Alan insistiu na necesidade de estender o control obreiro a todas as industrias e expropiar á oligarquía, facendo un chamamento ós traballadores para organizarse nunha loita contra a burocracia e os reformistas: "Nós somos moitos, eles son poucos".


O 21 de xuño Alan foi invitado á asemblea de traballadores do sector automotriz para dar un saúdo. Asistiron máis de 600 traballadores. Alan fixo moita énfase no enorme poder que ten a clase obreira: "Cando a burguesía deu

un golpe de estado en abril de 2002 ¿quen salvou a revolución?" e foi respondido polos traballadores presentes: "¡O pobo! ¡A clase traballadora!".

Sidor (Siderurgia do Orinoco), situada en Porto Ordaz (estado de Bolívar), é unha das maiores acerías de América Latina e o presidente Chávez deu a orde de nacionalizar a empresa logo de 13 meses de loita polo contrato colectivo. O 25 de xuño, ante máis de 550 traballadores, Alan destacou a crise do capitalismo mundial, criticou a aqueles que intentan reinventar o socialismo e defendeu a vixencia das

ideas do marxismo e do *Manifesto Comunista*. Rebateu a idea de Dieterich de crear alianzas rexionais coas burguesías doutros países latinoamericanos, explicando que "os únicos aliados da revolución venezolana son os nosos irmáns de clase doutros países e non os capitalistas". Finalmente, o 1 de xullo presentouse o libro en Caracas con Adán Chávez, actual candidato a gobernador de Barinas, ex embaixador en Cuba e ex ministro de Educación. Adán afirmou que "non teño ningún reparo en recomendarlles a lectura do libro que demostra que as ideas de Marx, Engels, Lenin e Trotski seguen sendo relevantes na actualidade. E mentres nós mantemos a nosa propia identidade e idiosincrasia, estas son as ideas que deben formar a base da revolución bolivariana e non outras".

A xira, que ademais tivo unha amplísima repercusión nos medios de comunicación, non pode máis que cualificarse de rotundo éxito. Un acontecemento verdadeiramente histórico para as forzas do marxismo.



**¡MANOS FUERA DE VENEZUELA!**  
Campaña internacional de solidaridad con la revolución en América Latina  
[www.manosfueraenvenezuela.org](http://www.manosfueraenvenezuela.org)

## A loita contra a eliminación do tren rexional

**Miguel Acuña**  
Sindicato de Estudiantes

O Ministerio de Fomento ten previsto eliminar todos os trens rexionais de Galiza a raíz da entrada en funcionamento do AVE, prevista para 2012. Os primeiros pasos para a desaparición, pasan polo progresivo abandono das estacións e apeadoiros que quedan á marxe do trazado do AVE e o levantamento das vías e demais infraestrutura ferroviaria, empezando polo de Gorgullos, en Ordes, e seguindo o día 20 deste mes pola supresión dos apeadoiros de Portas e Portela. Catoira, Pontecesures e Padrón serán as seguintes; a propia Vilagarcía pende dun fío. Ademais, o mal chamado AVE será máis lento do habitual, pero tan caro como o mesmo, cun prezo que oscila entre dúas e tres veces máis que o actual rexional.

Miles de persoas empregan o tren rexional para desprazarse ás cidades den-

de o rural: estudantes, traballadores, vellos... xente, polo xeral, con poucos recursos.

O Ministerio de Fomento ten que lles garantir un transporte digno, máis alá de criterios de rendabilidade. Non hai excusas, se faltan cartos, hai moitos banqueiros e empresarios que se viñeron facendo de ouro nestes anos, ós que subírlles os impostos.

A Xunta de Galicia está durmida ante esta realidade; a Directora Xeral de Transportes, Mar Chao escúdase na aprobación do plano en tempos de Fraga Iribarne. Non nos vale, a mocidade e os traballadores puxemos a este goberno para propiciar un cambio. A Xunta ten que esixirle a Fomento que se mantenga o actual tren rexional con todas as estacións.

Dende novembro, a Coordinadora de veciños de Portas leva traballando arreo para denunciar e dar a coñecer esta situación. O exemplo de combatividade e espírito de sacrificio demostrado

durante estes meses foi ninguneado por toda a clase política; empezando polas ameazas ó máis puro estilo caciquil do seu propio alcalde, militante do PP. Para extender a loita a nivel galego creouse a Plataforma Salva o Tren (páxina web: [www.salvaotren.tk](http://www.salvaotren.tk)) formada por ecologistas, sindicatos ferroviarios e o Sindicato de Estudiantes. Dende entón, o obxectivo principal consistiu en sumar as forzas dos grandes sindicatos e os partidos de esquerdas, con quen se reuniu en diversas ocasións. Así, o BNG prometeu unha resposta que a día de hoxe non chegou. Hai non moitos anos estaría defendendo en primeira liña esta reivindicación, hoxe, a dirección ve con medo a mobilización, malia que moitos dos seus militantes xa fixeron súa esta loita. Dende o PSOE a actitude non foi mellor.

Os sindicatos UXT, CIG e CCOO deben dar resposta ós rogos que en reiteradas ocasións lles fixeron dende a Plataforma, poñéndose á fronte desta loita.




Pola súa banda, o PP, principal culpable do actual deseño, quere aproveitar ciniicamente este silencio con fins electoralistas. Na rúa empézase a tomar conciencia do asunto: tras unha existosa manifestación en Santiago con máis de mil persoas, convocouse unha caravana de coches Santiago-Vigo cun gran apoio popular a pesar de ser constatemente torpedeada pola garda civil. Para gañar esta loita precisamos da mobilización masiva dos sindicatos e os partidos de esquerda.

### Novidades editoriais da FUNDACIÓN FEDERICO ENGELS

En setembro sae á venda, **O Manifesto Comunista** (en galego), a obra que deu orixe ó socialismo científico.

[www.engels.org](http://www.engels.org)



### LE NO VERÁN

Dende a Corrente Marxista Internacional, queremos recomendar a todos os traballadores a lectura do texto de Lenin *O dereito das nacións á autodeterminación*, texto fundamental para todos os traballadores das nacionalidades oprimidas, que aborda a posición

dos marxistas fronte á opresión nacional e respecto á necesidade de unidade por parte da clase obreira, por enriba das fronteiras nacionais, como única forma de lograr o socialismo e acabar coa opresión nacional.

Podes conseguilos nos teléfonos que atoparás na páxina web da Fundación Federico Engels: [www.engels.org](http://www.engels.org)

Organiza un grupo revolucionario no teu concello, no teu centro de traballo ou de estudos

ÚNETE Á CORRENTE MARXISTA **EL MILITANTE** • [www.elmilitante.org](http://www.elmilitante.org)

Coruña: 600 810 516 • Ferrol: 626 746 950 • Santiago: 636 217 248 • Vigo: 635 630 229 • Sede estatal: 914 280 248